

# SOLARIS

Andrei Tarkovski, 1972

# 1322

ESTREA EN NUMAX: 02.07.2024 | V.O.S.E. | 165 min

Un científico é enviado á estación espacial dun remoto planeta cuberto de auga para investigar a misteriosa morte dun médico. Adaptación do clásico da ciencia ficción do escritor polaco Stanislaw Lem.

«Unha obra cinematográfica fascinante. Unha reflexión emotiva sobre a humanidade, o amor e a natureza descoñecida do universo»

Jamie Russell, BBC



## “Solaris” por Akira Kurosawa

Coñecín a Tarkovski nun xantar de benvinda que me ofreceu a Mosfilm na miña primeira visita á Unión Soviética. Era pequeno, miúdo, algo fráxil pero parecía excepcionalmente intelixente, excepcionalmente astuto e sensible. Axiña se desculpou e dixo: “Aínda teño traballo por facer”. Ao pouco de el marchar sentimos unha explosión tan grande que fixo tremer os vidros de todo o comedor. Ao ver o meu desconcerto, o xefe da Mosfilm dixo sorrindo: “Tranquilo, non é a Terceira Guerra Mundial, é Tarkovski que acaba de lanzar un foguete para o seu filme. Esta rodaxe, porén, si que está a ser unha 'Gran Guerra' para min”. Así souben que Tarkovski estaba a filmar *Solaris*.

Moita xente quéixase de que *Solaris* é longa de máis, pero eu non o creo. Fáiselles longa a descrición da natureza das escenas introdutorias, pero esas capas de recordos na despedida da natureza terreal sitúanse na cerna da historia cando o protagonista é enviado nun foguete ao satélite e case torturan a alma do espectador coa súa nostalxia irresistible cara á nai natureza. Sen a presenza das fermosas secuencias da Terra nesa longa introdución non poderíamos concibir a sensación de reclusión das persoas “encarceradas” no satélite.

Vin o filme por vez primeira a altas horas da noite nunha preestrea en Moscova e sentín que o meu corazón agoniaba polas ansias de regresar á terra do protagonista. Temos experimentado maravillosos avances científicos pero cara a onde conducen á humanidade? Este filme consegue evocar unha terrible emoción, sen el, o cinema de ciencia ficción non sería máis que un capricho insignificante. Estes pensamentos ían e viñan á miña mente mentres miraba a pantalla.

Tarkovski estaba comigo e ao remate mirou para min, con timidez. Díxenlle: “Noraboa, fíxome sentir verdadeiro medo”. El sorriu, feliz. Brindamos con vodka e, contra o que era habitual en Andrei, comezou a beber moito e mesmo se puxo a cantar o tema d'*Os sete samurais* a voz en grito. Para que non se sentise mal, uninme a el. Foi un deses momentos de felicidade por atoparme vivindo na Terra. Debe de haber moitas, moitas cousas aínda descoñecidas para a humanidade que experimentan os protagonistas do filme: o abismo do cosmos, visitantes estraños, o tempo que corre ao revés, da morte á vida, a estraña sensación de levitación... O filme consegue transmitir o suor e as bágoas do protagonista e cada toma é testemuña do deslumbrante talento de Tarkovski.

Moita xente laméntase de que os filmes de Tarkovsky son difíciles pero eu non o creo. Simplemente mostran a mente extraordinaria do seu director. Por exemplo, o filme que seguiu a *Solaris*, *O espello* (1975), trata sobre os recordos da súa infancia e para moita xente é difícil de seguir porque a primeira vista non segue ningunha lóxica narrativa racional. Pero debemos recordar que os recordos da infancia na nosa mente tamén carecente de orde e lóxica. Un estraño tren de imaxes e recordos esnaquizados pode dar lugar á poesía da nosa infancia. Pero se lle preguntas a Tarkovski, el preferirá ficar en silencio, sen dicir nada. A súa actitude faime pensar que ten un maravilloso futuro por diante. Non pode haber un futuro brillante para aqueles que están dispostos a explicalo todo sobre o seu propio filme.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Solaris*,  
Stanislaw Lem.  
Impedimenta